
Dia das Letras Galegas 1993

Luns 17 de Maio, ás 9 da noite
na Igrexa Parroquial

RECITAL POÉTICO

acompañado pola
BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Grupo de Teatro da

**AGRUPACION CULTURAL
FRANCISCO LANZA**



**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**



Idea, guión e realización:
EDUARDO GUTIÉRREZ e HERNÁN NAVAL

Recital:
ANTÓNIO DEAÑO GAMALLO
ADELA EIRÓS BOUSO
XOSÉ L. GEGUNDE LÓPEZ
(do Grupo de Teatro da A.C. «Francisco Lanza»)

Son e luz:
XOSÉ L. BARRERA REY

Dirección musical:
HERNÁN NAVAL

Organización:
ASOCIACIÓN «AMADORES DA MÚSICA»
AGRUPACIÓN CULTURAL «FRANCISCO LANZA»
DELEGACION MUNICIPAL DE CULTURA

P R O G R A M A

Música

Sete rosas. A del Rio

Apresentación:

BALBINO PÉREZ VACAS

(Concellal Delegado de Cultura)

Pregón das Letras:

EDUARDO GUTIÉRREZ

(Alcalde de Ribadeo)

Poesía

Os teus ollos. Curros Enríquez

Recita: Antónío Deaño

Os teus ollos. X. Castro, «Chané»

Rosa de Abril. Rosalia de Castro

Recita: Adela Eirós

Rosa de Abril. Andrés Gaos

(Instrumentación para Banda: Hernán Naval)

Terra a nosa! Rosalía de Castro

Recitan: Adela Eirós e Antónío Deaño

Memórias de África. John Barry

O Mariscal (fragmento)

R. Cabanillas e A. Vilar Ponte

Recita: Xosé L. Gegunde

Tannhäuser. R. Wagner

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Director: Hernán Naval

Louis Armstrong Revival Selection

HINO GALEGO

A M A R D O R 9

Convirase que a celebración así do Día das Letras é orixinal, inédita. Poesía e música en directo, fundidas nun espectáculo dramático *quasi* total. Tal vez sexa o preludio dunha ambición que algúns xa cultivamos: unha representación operística en Ribadeo polos propios axentes locais, isto é, os coros, a pequena compañía teatral, a Banda. Imponse, antes, unha reflexión ribadense sobre «a poesía e a música no drama do futuro», e son palabras do mismísimo Richar Wagner, hai máis dun século, cando tamén Europa, tantas veces guieiro incuestionado, reclamaba unha revisión conceitual do teatro musical e Wagner propuña a «obra de arte total».

Curros, Rosalia, Cabanillas e Vilar Ponte nas voces de significados actores do grupo de teatro da Agrupación Cultural «Francisco Lanza», que se une así ao grupo de entidades colaboradoras coa Banda Municipal nos seus concertos, como antes o foron a Polifónica local e o Coro «Airiños de Ribadeo». Para este espectáculo, expresamente, o Director da Banda realizou unha instrumentación do conciso *lied* que Andrés Gaos (A Coruña, 1874 - Mar del Plata, 1959) deixou sobre o piano ao morrer, pensado para acompañar precisamente o recitado do poema de Rosalia de Castro: *Rosa de Abril*.

Con esta singular celebración da festa nacional do Día das Letras Galegas de 1993 conclúe o ciclo *Primavera cultural de Ribadeo*, dunha altura artística recoñecida dentro e fora do ámbito local. A Delegación de Cultura do Excmo. Concello de Ribadeo reitera o seu agradecemento ás asociacións e órganos colaboradores: Coral Polifónica, «Amadores da Música», «Francisco Lanza» e Consello Parroquial. Nen que dicir ten que a institución municipal está enormemente satisfeita coa resposta do público ribadense e comarcal a todos os concertos programados, enchendo unha e outra vez, igual que hoxe, este templo.

INHO GALEGO